

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 6 DE MARZO DE 2008.**

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás oito horas e trinta minutos do día seis de marzo do ano dous mil oito, previa convocatoria e citación ao efecto reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Xosé Xoán Roca Lorenzo e Dna. Anxos Díaz Prados. Asiste tamén a interventora, Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 21.02.2008.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día vinte e un de febreiro de 2008.

### **2.- RENOVACIÓN CONVENIO COA ASOCIACIÓN EX - ALCOHÓLICOS DE FERROLTERRA PARA 2008.**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de Benestar Social, Igualdade e Sanidade, así como o informe emitido pola interventora municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Renovar, para o exercicio 2008, o convenio de colaboración existente entre o Concello de Mugardos e a Asociación Ex-alcohólicos de Ferrolterra, para tratamento e rehabilitación de enfermos alcohólicos.

2º.- Aprobar con cargo á partida 2008.0.313.0.48900 do orzamento vixente, o gasto total de SEISCENTOS UN EUROS CON ÚN CÉNTIMO (601,01 €), correspondente á achega do Concello que unicamente poderá ser destinada a financia-las actividades obxecto do citado convenio.

3º.- Facultar ó sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

### **3.- PROGRAMA DE VACACIÓNS EN PAZ 2008.**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de Benestar Social, Igualdade e Sanidade, así como o informe emitido pola interventora municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Presta-la súa aprobación ó "Programa Vacacións en Paz 2008" para nenos/as saharauís, segundo memoria obrante no expediente.

2º.- Aprobar, con cargo á partida 2008.0.313.0.22615 do orzamento vixente, o gasto total de TRES MIL NOVECIENTOS EUROS (3.900 €) - correspondente ao custo de seis (6) viaxes, a razón de 650 €/ viaxe - para o financiamento do devandito programa, segundo a enumeración que obra no expediente.

#### **4.- LICENZAS DE OBRAS.**

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

##### **A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:**

– **D. JOSÉ FRANCISCO VÁZQUEZ VÁZQUEZ (EXP. 210/2007) segundo solicitude de data 23 de outubro de 2007**, para soleira de formigón dende a aliñación exterior da Avda. Bello Piñeiro na súa mesma rasante, nunha superficie de 60 m<sup>2</sup>, en Avda. Bello Piñeiro nº 16, referencia catastral: 4019005NJ6131N.

Non poderá levantar máis de 1 metro da cota do terreo colindante.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

##### **B) LICENZAS DE OBRAS MAIORES:**

- **D. JULIO SÁNCHEZ AGRELO en representación de R, CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALIZA S.A. (EXPTE. 193/2006) segundo solicitude de data 18 de outubro de 2008**, para despregamento de rede de cable no municipio, segundo proxecto de viais municipais e proxecto de viais non municipais, de data outubro de 2006, redactados polo enxeñeiro de telecomunicacións D. Julio Sánchez Agrelo, visados polo C.O.I.T. en data 15.10.2006, unha vez constituído aval por importe de 12.000,00 € para garantir a correcta reposición das obras do proxecto.

O trazado desenvólvese polo casco de Mugardos, polas zonas incluídas no Anexo presentado o 13 de febreiro de 2008.

A finalidade da licenza é a canalización de R, canalización que discorre nos viais da Xunta pola beirarrúa e nos viais municipais pola beirarrúa e a calzada.

As cabinas e nodos non son obxecto da presente licenza.

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 53.909,70 €.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

Todos os danos observados na beirarrúa e na vía pública como consecuencia das obras serán reparados polo promotor no prazo máximo de 1 mes unha vez finalizada a obra.

Deberán cumprirse as consideracións especificadas no Anexo do informe da arquitecta técnica municipal de data 13.02.2008.

Nas zonas do proxecto afectadas por Patrimonio non poderán executarse as obras ata obter a autorización de dito organismo.

Así mesmo, visto o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria e tendo en conta o informe da técnica municipal, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, a seguinte licenza de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

#### **LICENZA DE OBRA MAIOR:**

**- INVERSIONES Y PROMOCIONES VARELA S.L. (EXPTE. 131/2007) segundo solicitude de data 18 de xuño de 2007**, para ampliación de planta soto en edificio de 44 vivendas, garaxe e faiados (licenza 167/2006), en R/ Corzás – R/ Nova apertura, referencia catastral: 0424038NJ6102S, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos D. Antonio Deus Álvarez e D. Miguel Ángel Abad Blanco, visado polo C.O.A.G. en data 15.06.2007.

O solo onde está situado ten a cualificación de SUSU, Solo Urbano Semidenso.

A finalidade da licenza é a execución dun terceiro soto para destinalo a garaxe e faiado.

As condicións urbanísticas non modifican as da licenza 167/2006.

A urbanización é a mesma que a da licenza 167/2006, polo tanto non procede.

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 201.000,00 €.

Os arquitectos directores da obra son os mesmos que os redactores do proxecto D. Antonio Deus Álvarez e D. Miguel Ángel Abad Blanco, e as arquitecta técnicas son Dna. Isabel Vecino Tomé e Dna. M<sup>a</sup> Mercedes Varela Coteló.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1<sup>a</sup> utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras ou calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Debido a que se prevé unha creación de escombros deberá solicitar autorización de produtor de residuos de construción e demolición segundo o establecido no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico.

Para a apertura do garaxe deberá contar coa preceptiva licenza de actividade, de acordo co Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961. Na xestión da devandita licenza de actividade o proxecto deberá contemplar a ventilación forzada do mesmo.

#### **5.- LICENZA DE OBRAS E LICENZA DE APERTURA E FUNCIONAMENTO DE ACTIVIDADE INOCUA DE “DESPACHO DE LOTERÍAS”, A INSTALAR EN AVDA. DE GALIZA, NÚM. 62 A INSTANCIA DE D. JOSÉ CARLOS RABINA GARCIA.**

Visto o expediente tramitado a instancia de D. JOSÉ CARLOS RABINA GARCÍA, que solicita a regulamentaria licenza para apertura de actividade inocua de “DESPACHO DE LOTERÍA” nun local sito na Avda. de Galiza nº 62, deste termo municipal.

Resultando acreditado que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas, segundo o informe da arquitecta técnica municipal, de data 14.02.2008 incorporado ao expediente.

Considerando que é da competencia da Xunta de Goberno Local a concesión da licenza solicitada, en virtude da delegación conferida pola Resolución da Alcaldía núm. 373/2007 de data 19 de xuño de 2007.

E tendo en conta o informe da arquitecta técnica municipal e o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA A CONCESIÓN da licenza que se solicita para apertura e funcionamento, segundo proxecto de data marzo de 2007, visado polo C.O.A.A.T. en data 22.03.2007, e redactado polo arquitecto técnico D. Manuel Guillermo Antón Villamil.

Non poderá comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza do inicio da actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación (a cal terá que ser favorable), que o interesado deberá solicitar a este Concello, acompañando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas Arcas Municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, segundo liquidación que practicará a Tesourería municipal.

Notifíquese esta resolución ao interesado, así como os recursos legais que contra a mesma poida interpoñer.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido pola arquitecta técnica municipal así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, obrante no expediente, por unanimidade, acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, a seguinte licenza de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo

nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- **D. JOSÉ CARLOS RABINA GARCÍA (EXP. 60/2007) segundo solicitude de data 28 de marzo de 2007**, para o acondicionamento dun local para ampliación de supermercado, en Avda. de Galiza nº 62, referencia catastral: 0423014NJ6102S; segundo proxecto técnico de data marzo de 2007, redactado polo arquitecto técnico D. Manuel Guillermo Antón Villamil e visado polo C.O.A.A.T. en data 22.03.2007.

O solo onde está situado ten a cualificación de SUD, Solo Urbano Denso.

A finalidade da licenza é o acondicionamento dunha planta baixa para ampliación de supermercado, concretamente despacho de loterías.

As condicións urbanísticas do edificio non se modifican.

O técnico director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto, correspondendo a D. Manuel Guillermo Antón Villamil.

Prazo para inicio das obras: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.”

## **6.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REFORMA DE PLANTA PRIMEIRA DO EDIFICIO DE AS LAGOAS”.**

Vista a subvención concedida pola Asociación Costa Ártabra para as obras epigrafiadas así como o curto prazo dispoñible - antes do 30/04/2008 - para a xustificación das dúas terceiras partes do investimento a realizar.

Vista a proposta formulada polo sr. Alcalde, en data 29.02.2008, obrante no expediente, e vistos así mesmo os informes emitidos pola Secretaría e a Intervención municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Prestar a súa aprobación á proposta formulada polo sr. Alcalde e, en consecuencia, declarar de imperiosa urxencia o expediente de contratación en base á necesidade de poder iniciar as obras e xustificar o investimento ante o Grupo de Acción Local Asociación Costa Ártabra no prazo establecido, o que non podería conseguirse de seguirse o procedemento normal de contratación esixible para o presente caso - subhasta ou concurso - aínda que se declarase de tramitación urxente, debido ós trámites de publicidade que haberían de seguirse neses procedementos.

2.- Acorda-la contratación da obra de "REFORMA DA PLANTA PRIMEIRA DO EDIFICIO AS LAGOAS", polo procedemento negociado sen publicidade, substituindo a solicitude de ofertas a tres empresas pola publicación dun anuncio de licitación nun dos diarios de maior circulación da provincia .

3.- Aprobar novamente o proxecto técnico das obras de “REFORMA DA PLANTA PRIMEIRA DO EDIFICIO AS LAGOAS”, redactado pola arquitecta Xulia Cortizas Díaz , de

data outubro de 2006, cun presuposto de execución por contrata de 238.935,57 euros, IVE incluído, sendo o seu financiamento a que figura deseguido:

SUBVENCION	119.467,78
APORTACION MUNICIPAL	119.467,79
TOTAL	238.935,57

4.- Sinalar que a adxudicación queda condicionada a existencia de crédito adecuado e suficiente que, unha vez que entre en vigor o orzamento do 2008, será a con cargo á partida 2008.0.451.0.63200.

5.- Prestar aprobación ao prego de condicións que rexerá a contratación, segundo texto obrante no expediente.

6.- Establecer que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos por non supera-la execución o prazo de doce meses establecido no artigo 103 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Sen máis asuntos para tratar, ás oito horas e corenta minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe  
O ALCALDE